



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZ DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

**Expte: 2022/G007/00008**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día dez de marzo de dous mil vinte e dous, ten lugar reunión en primeira convocatoria da Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os/as seus concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Abre a sesión o Presidente, estando asistidos pola secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

### **Orde do Día**

PARTE RESOLUTIVA

### **1º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: SERVICIO DE LIMPEZA EN DIVERSOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:  
Expediente: 2021/C004/000006

Tramitado co número referido, o expediente para a contratación do servizo de limpeza en diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño.

Visto que por acordo de Xunta de Goberno Local de data 17.02.22 se adoptou acordo de validar as actuacións da Mesa de Contratación e conforme á súa proposta se requiriu á empresa máis vantaxosa: LIMPERGAL S.L. NIF B27141159 a presentación da documentación para a adxudicación.

A empresa presentou a documentación en prazo; examinada a mesma, compróbase que está clasificada.

Non obstante, esta Alcaldía dado que non se establece clasificación no PCAP, en uso das atribucións que ten conferidas por Lei,

PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**1.- REQUERIR** á empresa LIMPERGAL, S.L, acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia profesional, de conformidade co estipulado no punto **9.- Solvencia do contratista** do prego de cláusulas administrativas particulares polas que se rexe a contratación.

Dita documentación debe ser presentada no prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a áquel en que reciba o requirimento, por medios electrónicos e con sinatura electrónica.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime máis convinte.

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE/*

**A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.**

**2º.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN DE PRAZO EXECUCIÓN DE OBRA:  
“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO CAMPO DE FÚTBOL  
DE HERBA ARTIFICIAL EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**“Expte.: 2018/C003/000001**

En data 08.03.22 e con núm. de rexistro 202299900000266, don José Ramón Pedrosa Jiménez, actuando en representación da empresa “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL”, NIF B-36495604, presenta un novo escrito de petición de prórroga por prazo de UN MES para a execución da obra “Proxecto básico e de execución modificado 1. Campo de fútbol de céspede artificial no campo de fútbol municipal de Mourente, da que dita empresa é adxudicataria.

Por acordo de Xunta de Goberno Local de sesión de 17.02.22 tiña concedida unha ampliación de prazo de execución da obra ata o 8.03.22

Xustifica a súa petición debido a que por circunstancias alleas á empresa, producírase un retraso na execución da obra, alegando crisis de subministro de material derivada do COVID-19.

CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: *“Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor.*

Considerando que persisten circunstancias descritas en anteriores solicitudes de ampliación de prazo concedidas por Xunta de Goberno Local de 4.11.21, 9.12.21, 13.01.22 e 17.02.22

Considerando os antecedentes descritos e os preceptos de aplicación, se deduce que quedan acreditados os requisitos necesarios para a concesión da prórroga solicitada,

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Acceder á petición formulada e así pois, aprobar a ampliación de prazo solicitado de un mes na execución das obras, sendo a nova data de remate da obra o 8 de abril de 2022.

**Segundo.-** Notificar o acordo á adxudicataria “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL” así como ao Director da Obra, para o seu coñecemento e efectos.

*/Asinado electrónicamente polo sr. Alcalde na data indicada á marxe/”*

**A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.**

### **3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-**

#### **A.- Licenza de parcelación urbanística**

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

**.- “ Expte. de parcelación urbanística 07/2021.- JOSÉ FONTICOPA PARDO (representada por Paula Freire Dopico).-** Para licenza de parcelación urbanística (segregación e agrupación de parcelas) de fincas cujas referencias catastrais correspóndense cos números [REDACTED], sita no [REDACTED]

[REDACTED] Valdoviño en solo clasificado e cualificado como:

- FO-01: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ILLADA (474 m<sup>2</sup>).

- FO-02: PORCIÓN 1; SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ILLADA (1.957 m<sup>2</sup>) E PORCIÓN 2; SOLO NON URBANIZABLE (Común) (62 m<sup>2</sup>).

Pártense as denominadas parcelas ou fincas orixinais, que teñen as seguintes características:

\* Finca Orixinal FO-01. (ref. Catastral nº [REDACTED]). Superficie 474 m<sup>2</sup> (según medición aportada) en núcleo rural (sup. neta parcela: 474 m<sup>2</sup>). Ten fronte o camiño municipal polo seu linde norte.

- Edificación destinada a vivenda con 38 m<sup>2</sup> en planta baixa e 110 m<sup>2</sup> en planta alta e almacén de planta baixa con 91 m<sup>2</sup>, o que fai unha superficie construída total de 239 m<sup>2</sup> e unha superficie ocupada en planta de 129 m<sup>2</sup>.

- Un cortello de 53 m<sup>2</sup>, un alpendre de 14 m<sup>2</sup> e un hórreo de 9 m<sup>2</sup>, respectivamente.

O que fai unha ocupación en planta total de 205 m<sup>2</sup>.

\* Finca Orixinal FO-02: (ref. Catastral nº 15088 superficie: 592 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcela: 2.019 m<sup>2</sup> (según medición aportada), dos cales 1.957 m<sup>2</sup> están en núcleo rural (sup. neta parcela: 1.957 m<sup>2</sup>) e 62 m<sup>2</sup> en solo rústico). Non contén edificacións e ten ao fronte o camiño municipal polo seu linde oeste.

Como paso intermedio, segregase a finca orixinal FO-02 unha porción de terreo de 526 m<sup>2</sup> de superficie e na que non existen edificacións, para agrupala neste mesmo acto coa finca orixinal FO-01, quedando as fincas resultantes coas seguintes características

\* Finca resultante FR-01. Superficie: 1.000 m<sup>2</sup>, dos cales 938 m<sup>2</sup> están en núcleo rural (sup. neta parcela: 938 m<sup>2</sup>) e 62 m<sup>2</sup> en solo rústico. Contén as edificacións descritas no apartado 5.1. (ver plano nº P03 do proxecto).

\* Finca Resultante FR-02-RFM. Superficie: 1.493 m<sup>2</sup> en núcleo rural, (sup. neta parcela: 1.493 m<sup>2</sup>). Non contén edificacións (ver plano nº P03 do proxecto).

E de acordo coa documentación técnica achegada polo arquitecto Antonio Piñeiro Conchado e a Técnica Superior en Topografía e Urbanismo Paula Freire Dopico de data 20 de xuño de dous mil vinte e un.

Visto o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 2 de marzo de 2022.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** a licenza de parcelación urbanística (segregación e agrupación de parcelas) a José Fonticoba Pardo nas condicións que figuran no informe do arquitecto municipal de data 2 de marzo de 2022 do que se axuntará copia, así como a documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Antonio Piñeiro Conchado e a Técnica Superior en Topografía e Urbanismo Paula Freire Dopico.

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 293,58 €.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo á promotor do expediente.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 7 de marzo de 2022

O Alcalde,Asinado/Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, mediante votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía.**

**B.- Licenza de parcelación urbanística**

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

.- “Expte. de parcelación 10/2021.- **MARIA CONCEPCION FERNÁNDEZ PIÑEIRO (representado por Marcelino Ruiz Piñón).**- Para licenza de parcelación urbanística de finca cuia referencia catastral correspóndese co número [REDACTED], sita [REDACTED] parroquia [REDACTED] en solo clasificado e cualificado como : **Porción 1 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ILLADA (2.541 m<sup>2</sup>), Porción 2 SOLO NON URBANIZABLE (COMÚN) (278 m<sup>2</sup>) e Porción 3 SOLO NON URBANIZABLE (COMÚN) (42 m<sup>2</sup>).**

Procédese a segregar da parcela inicial dúas porcións de terreo, de maneira que se obteñen as seguintes fincas resultantes:

- Finca A. Resto Finca Matriz. Superficie: 1.319 m<sup>2</sup>, de los cales 1.062 m<sup>2</sup> están en núcleo rural (sup. neta parcela: 1.042 m<sup>2</sup>) e 278 m<sup>2</sup> en solo rústico. Conteñen as edificacións descritas no punto anterior. (ver plano finca do proxecto).
- Finca B. Segregada 1. Superficie: 735 m<sup>2</sup>, en núcleo rural (sup. neta parcela: 721 m<sup>2</sup>). Non ten edificacións. (ver plano finca do proxecto).
- Finca C. Segregada 2. Superficie 786 m<sup>2</sup>, dos cales 744 m<sup>2</sup> están no núcleo rural (sup. neta parcela: 730 m<sup>2</sup>) e 42 m<sup>2</sup> en solo rústico. Non ten edificacións. (ver plano finca do proxecto).

E de acordo coa documentación técnica achegada polo enxeñeiro Técnico Agrícola Jorge Juan Álvarez Castrillón de data 6 de outubro de 2021.

Visto o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 3 de marzo de 2022.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** a licencia de segregación solicitada a María Concepción Fernández Piñeiro , nas condicións que figuran no informe do arquitecto municipal de data 3 de marzo de 2022 do que se axuntará copia, así como a documentación técnica achegada e asinada polo enxeñeiro Técnico Agrícola Jorge Juan Álvarez Castrillón.

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 314,52 €.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo á interesada.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 7 de marzo de 2022

O Alcalde,Asinado/Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, mediante votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía**

PARTE ACTIVIDADE

#### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo ás dez horas e vinte minutos do día sinalado no encabezamento, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*

